

TEMA 7 DE SOCIAIS OS TRABALLOS NA NATUREZA

TRABALLO EDITADOS POR SONIA MARÍA LAMAS VÁZQUEZ.



O TRABALLO... QUE É...

- **DEFINICIÓN:** Traballo é calquera actividade que realizan os seres humanos para obter un diñeiro a cambio, é dicir ter un soldo do que poder vivir.

- **CLASIFICACIÓN DA POBOACIÓN POR ACTIVIDADE OU TRABALLO.**
 1. **Poboación activa:** Persoas que poden traballar.
 - Poboación ocupada:** Persoas que teñen un traballo.
 - Poboación desempregada:** Persoas que están buscando un traballo, están no paro pero poden traballar por iso forman parte da poboación activa.

 2. **Poboación inactiva:** Persoas que non poden traballar, menores de 16 anos, persoas xubiladas ou enfermas.

CLASIFICACIÓN DOS TRABALLOS SECTORES DA ACTIVIDADE ECONÓMICA

A poboación activa, polo tanto as persoas que traballan ou están en idade e condicións de facelo, desempeñan traballos que podemos clasificar en tres sectores

Sector primario	Sector secundario	Sector terciario
<p>Son os traballos que obteñen materias primas tanto animais como vexetais.</p> <p>Dentro de este sector incluimos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Agricultura.➤ Gandaría.➤ Pesca.➤ Minaría.	<p>Son os traballos que transforman as materias primas en produtos elaborados.</p> <p>Dentro de este sector incluimos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Industria.➤ Artesanía.➤ Construción.	<p>Son os traballos que non obteñen produtos senón que prestan servizos.</p> <p>Algunhas destas actividades son:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ Servizos educativos.➤ Comercio.➤ Transporte...

SECTOR PRIMARIO: AFONDAMOS NOS TRABALLOS DESTE SECTOR.

AGRICULTURA

TIPOS DE CULTIVO:

A clasificación dos cultivos pode ser:

CULTIVOS DE SECANO	CULTIVOS DE REGADÍO
<p>Este tipo de cultivos non necesitan ser regados senón que medran coa auga da chuvia ou precipitacións. Exemplo destes cultivos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ A vide➤ A oliveira➤ O trigo	<p>Este tipo de cultivos necesitan ser regados con frecuencia, polo que necesitan ter sistemas de regadío nas fincas. Exemplos deses cultivos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ O millo➤ As hortalizas.

SISTEMA DE REGADÍO DOS CULTIVO

A auga que necesitan os cultivos de regadío acumúlase en encoros, pozos, ... Unha vez que a auga chega ás fincas existen distintos sistemas de regadío.

Rega por canles	Rega por aspersión	Rega por goteo
A auga que chega repártese por cada rego	A auga repártese por tubos que espárese a auga como se fose choiva.	Cada planta recibe gota a gota a auga e o fertilizante que necesita.



Esta foto de Autor desconocido está bajo licencia **CC BY-SA**



Esta foto de Autor desconocido está bajo licencia **CC BY-SA**



Esta foto de Autor desconocido está bajo licencia **CC BY-SA-NC**

PRODUTOS AGRÍCOLAS.

O produtos que obteñen os agricultores pódense vender directamente para o consumo, como poder ser as leitugas, as mazás... ou como produtos que serven de materia prima e elaborar outros produtos. Estes segundos son cultivos industriais, como é a remolacha que os agricultores venderán para facer azucre.

CULTIVOS PARA O CONSUMO DIRECTO



Esta foto de Autor desconocido está bajo licencia **CC BY-SA-NC**

CULTIVOS QUE SERVEN DE MATERIA PRIMA PARA FACER OUTROS PRODUTOS ELABORADOS DE ORIXE VEXETAL



Esta foto de Autor desconocido está bajo licencia **CC BY-SA**

SECTOR PRIMARIO: AFONDAMOS NOS TRABALLOS DESTE SECTOR.

GANDERÍA

A gandería é unha actividade que consiste na cría de animais para obter produtos deles. Algúns deses produtos son, leite, carne, pel, ovos,.. Estes produtos considéranse materias primas por obterse sen elaboración.

Segundo se críen os animais falamos de:

GANDERÍA INTENSIVA	GANDERÍA EXTENSIVA
É cando os animais se crían en cortes e granxas, lembre as granxas so Mazo que vimos co Proxecta. O gandeiro ocúpase de limpar e darlle de comer aos animais.	Os animais críanse en terreos pasteiros extensos ao aire libre.

TIPOS DE GANDO.

Os tipo de gando máis importante son:

Gando ovino	Gando bovino	Gando porcino	Gando avícola
Críanse normalmente de forma extensiva. Son as ovellas, cabras,...	Son as vacas, touros... As vacas de leite normalmente están nos establos (gandería intensiva).	Normalmente críanse en granxas. Son os porcos. Cando falamos de porcos ibéricos entón críanse ao aire libre.(gandería extensiva)	Son as aves como polos, galiñas, avestruces...Adoitan a vivir en granxas pero as veces viven ao aire libre.

SECTOR PRIMARIO: AFONDAMOS NOS TRABALLOS DESTE SECTOR.

PESCA

A pesca é a actividade que consiste na captura de peixe, ou doutros animais acuáticos en mares, ríos, lagos, ... para o consumo. As persoas que traballan neste sector son os mariñeiros e pescadores.

Tipos de pesca:



Pesca fluvial	Pesca marítima Pesca de altura	Pesca marítima Pesca de baixura	Acuicultura
Esta pesca practícase no río.	Faenan no mar aberto con grandes barcos. Pasan días ou meses na alta mar, por iso teñen cámaras frigoríficas.	Realízase preto da costa en barcos pequenos e faise diariamente.	Cultívanse os peixes e plantas acuáticas para o consumo nunha especie de estanques.